

Resolución do 12 de xaneiro de 2023 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa pola que se convoca o programa educativo *Iniciación segura á pegada dixital e ás redes sociais* dirixido a centros educativos sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades no curso 2022/23.

A Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (en adiante, LOMLOE) establece como obxectivo da educación primaria e da educación secundaria o desenvolvemento das competencias tecnolóxicas para a aprendizaxe do alumnado e o seu emprego como fonte de información para adquirir novos coñecementos con espírito crítico, sempre desde unha perspectiva de reflexión ética sobre o seu funcionamento e utilización (artigos 17.i e 23.e). Na mesma liña, os Decretos 155/2022 e 156/2022 de 15 de setembro (polos que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria e da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, respectivamente), recollen que a consellería con competencias en materia de educación e os equipos directivos dos centros docentes promoverán o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula como medio didáctico apropiado e valioso para desenvolver as tarefas de ensinanza e aprendizaxe (artigo 37).

Nesta liña, a Estratexia Dixital 2030 recolle que desde o ámbito educativo apostarase pola innovación e novos modelos de educación dixital que preparen aos estudantes para adaptarse aos desafíos que os esperan no eido educativo, persoal ou profesional, poñendo á súa disposición os recursos adecuados para propiciar unha aprendizaxe máis dinámica, personalizada, colaborativa e creativa; combinando o desenvolvemento das súas destrezas tecnolóxicas coa súa capacidade social e cooperativa a través da aplicación de novas tendencias dixitais.

Así mesmo, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, consciente da necesidade de educar integramente á comunidade educativa para o exercicio dunha cidadanía dixital, ética, segura e responsable, recolle na Estratexia Galega de Convivencia Escolar 2025 actuacións específicas cara unha convivencia dixital responsable.

De acordo co anteriormente exposto, esta Dirección Xeral

RESOLVE:

Apartado 1.- Obxecto

Regular o programa *Iniciación segura á pegada dixital e ás redes sociais* e establecer as bases para a participación no mesmo dos centros educativos sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades no curso 2022/23.



Apartado 2.- Obxectivo xeral

Capacitar ao alumando no uso seguro, responsable e proveitoso das Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC).

Apartado 3.- Obxectivos específicos

- Reforzar a competencia básica do alumnado en seguridade na xestión dos seus perfís nas redes sociais.
- Explicar a identidade dixital e a importancia da pegada dixital.
- Afondar na configuración das opcións de seguridade e privacidade das redes sociais máis actuais entre nenos e nenas.
- Ofrecer aos e ás menores ferramentas e recursos aos que poder acudir cando teñan algunha dúbida sobre o uso seguro da tecnoloxía.

Apartado 4.- Destinatarios

Esta convocatoria vai dirixida ao alumnado de 2º, 3º e 4º de educación secundaria obrigatoria dos centros educativos sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Apartado 5.- Descrición do programa e planificación

O programa consiste na realización dun único obradoiro por centro, de carácter eminentemente práctico, que abordará a xestión segura das redes sociais que máis están a utilizar os e as menores. A impartición da dinámica, de hora e media de duración e para un máximo de 30 alumnos/as (da mesma ou de diferentes aulas), correrá a cargo de especialistas da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega).

Os obradoiros terán lugar durante o segundo e terceiro trimestre do curso 2022/23 e realizaranse presencialmente. Para a súa organización, concretaranse as datas e os horarios entre a persoa coordinadora de cada centro educativo e as especialistas da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega).

Apartado 6.- Solicitudes e prazo de presentación

As solicitudes enviaranse ao enderezo electrónico asesoria.participacioneducativa@edu.xunta.gal co seguinte asunto: "Iniciación segura á pegada dixital e ás redes sociais". Para formalizala,



achegarase como arquivo adxunto o documento *Anexo* / desta resolución.

O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días naturais contados a partir da publicación desta convocatoria no portal educativo a través da seguinte ligazón: <https://www.edu.xunta.gal/portal/>.

Apartado 7.- Selección dos centros

Os centros seleccionaranse segundo a orde de entrada da solicitude no enderezo sinalado no apartado 6, ata un máximo de 130 centros. En caso de quedar prazas sen cubrir, distribuiríanse entre os centros que indicasen o interese de realizar máis dun obradoiro, seguindo o criterio anterior.

Apartado 8.- Resolución

Unha vez rematado o proceso de selección das solicitudes, farase pública a resolución no portal educativo desta consellería (<http://www.edu.xunta.gal/portal/>).

Contra esa resolución, que non esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpor recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O prazo máximo para resolver este procedemento será de tres meses. Se transcorre o citado prazo sen que recaese resolución expresa, as persoas interesadas poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

Apartado 9.- Información básica sobre protección de datos de carácter persoal

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da carpeta do cidadán.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas e esta circunstancia reflectirase no devandito formulario.

Os datos serán comunicados ás Administracións públicas, organismos e/ou entidades que participan neste plan no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia. A fin de darlle a publicidade esixida ao



procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme ao descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia como Diarios Oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento (UE) 2016/679, Xeral de Protección de Datos ou a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital,

Judith Fernández Novoa

Directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa

